



CPR Plurilingüe Compañía de María • Santiago de Compostela
ORDE DA COMPAÑÍA DE MARÍA N.S.

ADMISIÓN DE ALUMNOS CURSO 2025/2026

ED. INFANTIL

ED. PRIMARIA

E.S.O.



NORMATIVA REGULADORA SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO:

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, (DOG do 11 de febreiro de 2022) [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#)
- Orde do 21 de outubro de 2022, (DOG do 8 de novembro de 2022) [Orde do 21 de outubro de 2022](#)
- INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 202-2026 [Documento](#)
- Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. [Lei 5/2024 do 27 de decembro \(cap. V\)](#)

☐ SOLICITUDE DE RESERVA (ED550A) : do 15 de xaneiro ao 4 de febreiro de 2025 (non aplicable ao noso Centro)

- [SOLICITUDE: Galego](#)
- [SOLICITUD: Castelán](#)

☐ SOLICITUDE ORDINARIA ADMISIÓN (ED550B) : do 1 ao 20 de marzo de 2025

- [SOLICITUDE: Galego](#)
- [SOLICITUD: Castelán](#)

☐ SOLICITUDE EXTRAORDINARIA (ED550C): unha vez iniciado o curso escolar 2025/26 por algunha das causas do artigo 45 de Orde do 21 de outubro de 2022

- [SOLICITUDE: Galego](#)
- [SOLICITUD: Castelán](#)

Toda esta información está na web da **Xunta de Galicia** que dispón dunha **aplicación de xestión das solicitudes** de reserva para centros adscritos e admisión para alumnos de Educación Infantil, Primaria, Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato en centros sostidos con fondos públicos.

- [Acceso a aplicación de xestión das solicitudes](#)

Segundo a Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o PROCEDIMENTO DE ADMISIÓNS do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación Primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED 550B e ED550C) e INSTRUCCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS.

INFORMAMOS

- Cada solicitante **presentará unha ÚNICA solicitude no impreso normalizado (ED550B) do 1 ao 20 de marzo e única e vinculante.** Non obstante, poderá renunciarse na forma indicada a continuación
 - Para renunciar a un posto reservado (**solicitude reserva ED550A**) será necesario ter presentado un escrito de renuncia no centro docente coa data límite do día 28 de febreiro de 2025. Na **solicitude de admisión ordinaria ED550B** presentada en prazo terá que cubrir os datos que aparecen no recadro “Supostos específicos”.
 - Para **renunciar** a unha solicitude de **admisión ordinaria (ED550B)** deberase facer do 1 ao 20 de marzo e terase que presentar unha nova solicitude ED550B en prazo na que se terá que cubrir os datos que aparecen no recadro “Supostos específicos”.
- A existencia dunha solicitude de admisión (ED550B) presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior, así como a existencia dunha solicitude de admisión (ED550A) sen ter renunciado á praza de reserva en día 28 de febreiro de 2025 (este incluído) **poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG 8 de novembro de 2022)**
- O procedemento de escolarización estruturase en procedemento de reserva (ED550A), de admisión ordinaria (ED550B) e de escolarización extraordinaria (ED550C).

- **O procedemento de reserva (ED550A)** presentadas en prazo, cando os postos dispoñibles no centro de adscrición sexan suficientes para atender todas as solicitudes. Este procedemento conclúe coa publicación da listaxe do alumnado con posto reservado. O prazo de presentación comprende entre o días 15 de xaneiro e o 4 de febreiro (ambos incluídos). Para **renunciar** a un posto **reservado** será necesario ter **presentado un escrito de renuncia no centro docente coa data límite do día 28 de febreiro e 2025.**
- **O procedemento de admisión ordinaria (ED550B)** presentadas en prazo. O prazo de presentación de solicitudes de admisión comprende entre o día 1 e o 20 de marzo (ambos incluídos). **Dirixirse ao centro solicitado en primeiro lugar e poderase pedir ata seis centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que se pretendan que se valoren.** Este procedemento conclúe coa publicación da listaxe definitiva do alumnado admitido e non admitido o 15 de maio ou, de ser o caso, coa escolarización do alumnado conforme a proposta de adxudicación subsidiaria de postos escolares que efectúe a respectiva comisión de escolarización.
A solicitude realizarase no modelo **ED550B (anexo II)** xunto co **anexo II-bis (comprobación de datos dos membros da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora)**, que será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>) e na aplicación informática **admisionalumnado** (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>)
Poderanse presentar **presencialmente** no centro docente de primeira opción, a través da **aplicación “admisionalumnado”**, para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital ou directamente **na sede electrónica da Xunta de Galicia**, sempre que se dispoñan de certificado dixital ou de Chave365 ou en calquera dos lugares de rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Ten asignado o código **ED550B**. No **anexo II-bis**, deberá constar o **consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora** e a **comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar** que, unha vez cubertos, deberán imprimilos, asinalos e achegalos adxuntos coa solicitude.
O alumnado menor de idade non emancipado é necesario o consentimento de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero.

Terán a consideración de membros computables da unidade familiar segundo o artigo 12 da Orde do 21 de outubro de 2022

Polo tanto, nos casos de separación ou divorcio:

- Con **custodia compartida**: a unidade familiar está composta polas persoas proxenitoras e os seus descendentes comúns.
- Con **custodia exclusiva**: a unidade familiar está composta pola persoa proxenitora que teña a custodia exclusiva e os fillos suxeitos a esta custodia e, de ser o caso, polo novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora. Non se inclúe á outra persoa proxenitora do alumnado.

A composición da unidade familiar e os criterios de admisión valóranse por referencia á data de inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión (1 de marzo de 2025), excepto a renda, na que se toma como referencia os datos do ano 2023.

Requirimento de emenda de deficiencia e de documentación _ O Centro docente requirirá a emenda das deficiencias detectadas na solicitude e na documentación necesaria para acreditar as circunstancias indicadas nela e os criterios de baremo alegados, e concederá un prazo de 5 días hábiles para a súa presentación.

A falta de emenda das deficiencias detectadas na solicitude impedirá participar no procedemento de baremo dos criterios de admisión alegados.

Rematado o procedemento de admisión ordinario, o alumnado que perdesse o dereito a participar no procedemento (solicitudes afectadas por “irregularidades ou deficiencias” ou presentadas fóra de prazo), a comisión de escolarización ou a xefatura territorial proporá as medidas para a súa escolarización, tendo en conta a preferencia manifestada na solicitude, se é posible; se non o fose, a opción de escolarización que se considere a máis idónea en función dos postos dispoñibles.

As medidas para escolarizar a este alumno proporanse:

- Ao rematar a adxudicación subsidiaria, no caso de solicitudes afectadas por deficiencia/irregularidades e as presentadas fóra de prazo (entre o 21 de marzo e o 25 de abril de 2025)
- Antes do inicio das actividades lectivas, no caso de solicitudes presentadas despois do 25 de abril ao 31 de agosto.

Na aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) poderase consultar a seguinte información:

- a) Datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula
- b) Postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- c) O número de solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación
- d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- e) Listaxes provisionais e definitivas **non presencial:** empregando aChave365 ou certificado dixital da Fábrica de Moeda e Timbre.

* **Presencial:** Única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do Centro.

A consulta da **puntuación desagregada** só se pode facer nos termos recollidos no artigo 35.5 da orde, que require asinar un compromiso de uso de confidencialidade.

- **O procedemento de escolarización extraordinaria (ED550C) (anexo III) xunto co anexo III-bis**, (comprobación de datos e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora) comprende a tramitación de solicitudes que teñen por finalidade satisfacer unha necesidade inmediata de escolarización sobrevida durante o curso 2025/26 por algunha das causas do artigo 45 da Orde do 21 de outubro de 2022. Deberá entregarse:

- **Presencialmente no centro docente** ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo.
- **Por vía electrónica:** utilizando o formulario PR004A a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> sempre que se dirixan á xefatura territorial correspondente.

▪ **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

Procedemento de admisión ordinaria (ED550B)

PRAZO: DO 1 AO 20 DE MARZO

- Solicitud (ED550B – Anexo II)
- Anexo II-bis (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora)
- Documento acreditativo da representación. (No seu caso)
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar .
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- Certificado de discapacidade do /a alumno/a **non expedido pola Administración autonómica**
- Informe de trastorno grave de conduta do/a alumno/a.
- No caso de solicitar praza para un curso diferente a 4º Ed. Infantil, deberá presentarse un certificado de matrícula do curso actual.

Os documentos relacionados a continuación serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na solicitude no seu recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
- *Certificado de nacemento do/a alumno/a (Se non o ten ou non consta no libro de familia)*
- *Título Familia numerosa.*
- *Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar expedido pola Administración autonómica ou percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas.*
- *Certificado de dependencia do/a alumno/a.*
- Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal anterior en dous anos natural de presentación da solicitude (Renda 2023).

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes

- **Criterios de baremación:** de existir máis demanda que oferta de prazas, a admisión rexerase polos seguintes criterios, presentando presencialmente no centro escolar a **documentación acreditativa** seguinte:
 - **Irmáns no centro:**
Fotocopia completa do libro de familia, ou resolución da Consellería competente no suposto de acollemento.
 - **Proximidade do domicilio familiar:** *CONSULTA AUTOMATIZADA do domicilio fiscal*
Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano natural anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio fora inferior a un ano, deberá, achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexitime a ocupación da vivenda, así como recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz ...)
 - **Proximidade do lugar de traballo:**
 - a) Persoa traballadora **por conta allea**: contrato de traballo no que conste o enderezo do centro de traballo e informe da vida laboral obtido no ano natural do procedemento de admisións.
 - b) Persoa traballadora **por conta propia**: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT en que conste o enderezo do centro de traballo, ou licencia de apertura ou actividade do Concello, se non está obrigada a estar de alta no dito censo.
 - c) Persoal ao servizo das **administracións públicas**: certificado da Unidade de persoal en que conste o enderezo do centro de traballo.

*A persoa solicitante indicará na solicitude de admisión se quere que se lle valore a **proximidade ao centro docente do domicilio familiar** ou a do **lugar de traballo**. Esta opción afecta todos e cada un dos postos relacionados na solicitude e é excluínte, pois as **puntuacións en ningún caso son acumulables***

- **Renda per cápita da unidade familiar** do exercicio 2023. [CONSULTA AUTOMATIZADA](#)

Consulta automática polas administracións públicas (previa autorización no formulario de solicitude por todos os membros da unidade familiar).

De non autorizar a consulta, deberá achegar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal 2023.

Nos casos de separación, nulidade ou divorcio, ou cando non exista vínculo matrimonial, a autorización concederase polo proxenitor con quen conviva habitualmente o menor.

- **Pais que traballen no centro.**

Certificación da dirección do propio centro.

- **Familia numerosa.** [CONSULTA AUTOMATIZADA](#)

Consulta automática polas administracións públicas (previa autorización no formulario de solicitude). De non autorizar a consulta de datos deberase entregar fotocopia do Título oficial, en vigor, expedido pola Consellería de Traballo e Benestar.

- **Irmáns nados dun parto múltiple.**

Libro de familia ou certificación que acredite dita situación e sempre que soliciten o mesmo Centro.

- **A familia monoparental.**

Para acreditar este criterio a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia ou da autoridade competente doutras administracións públicas.

Artigo 13 que determina a Lei 3/2011, do 30 de xuño de 2011 de apoio á familia e á convivencia. Este artigo foi modificado pola Lei 5/2021 do 2 de febreiro de 2022.

- **Discapacidade de calquera membro computable da unidade familiar.** [CONSULTA AUTOMATIZADA](#)

Consulta automática polas administracións públicas (previa autorización no formulario de solicitudes)

Se o certificado non está expedido pola Administración autonómica ou se denega a consulta, deberá achegar o certificado do grao de minusvalía expedida polo Consellería de Política Social ou doutra Administración Pública.

- **Consideración de vítima de violencia de xénero.**

Documento xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- **Consideración de vítima de terrorismo.**

Certificación como vítima de terrorismo (Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo)

- **Criterio complementario**

Certificación orixinal do Colexio da Compañía de María ou da Escola Antares)

- **Certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que as persoas proxenitoras ou titoras carezan de DNI ou NIE.**

A presentación da documentación é VOLUNTARIA. A non presentación dalgún documento xustificativo, ou de ser o caso a denegación para a súa consulta, suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente

Toda a documentación deberá ser orixinal. Tamén pode ser copia que se cotexará no Centro sempre que se presente co orixinal.

CRITERIOS XERAIS DE BAREMO Artigo 13- Punto 3 - Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG 8 de novembro de 2022)

IRMÁNS/ÁS MATRICULADOS NO CENTRO	Por un irmá ou irmán matriculado no centro que vaia continuar escolarizado no curso para o que se solicita a admisión: 8 PUNTOS Polo segundo e seguintes: 2 PUNTOS cada un	Co máximo de 14 puntos
PROXIMIDADE DO DOMICILIO FAMILIAR AO CENTRO	Na área de influencia: 8 PUNTOS En áreas limítrofes: 4 PUNTOS	
LUGAR DE TRABALLO DO PAI/NAI/TITOR/A OU ACOLLEDOR/A	Na área de influencia: 6 PUNTOS En áreas limítrofes: 3 PUNTOS	
RENDA ANUAL PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR Inclúe a asuma das cantidades obtidas da base imponible (Casiña 435) máis a base imponible do aforro (Casiña 460) da declaración do imposto da renda das persoas físicas no <u>exercicio 2023</u> , dividida entre o número de membros computables da unidade familiar a data <u>1 de marzo de 2025</u> . (O IPREM ano 2023 está fixado en: 7.200 €)	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: [3.600 €] → 3 PUNTOS Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: [3600 € - 5.400 €] → 2 PUNTOS Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: [5.400 € - 7.200 €] → 1 PUNTO Igual ou superior ao IPREM: [7.200 €] → 0 PUNTOS	
PERSOA PROXENITOR/A, TITOR/A OU ACOLLEDOR/A TRABALLADOR/A DO CENTRO DOCENTE	3 PUNTOS , con independencia de que ambas traballen nel.	
FAMILIA NUMEROSA	Categoría especial: 3 PUNTOS Categoría xeral: 2 PUNTOS	
IRMÁNS NADOS DUN PARTO MÚLTIPLE, SEMPRE QUE SOLICITEN O MESMO CENTRO	Se son dous: 8 PUNTOS Se son máis de dous: 10 PUNTOS	
CONDICIÓN DE FAMILIA MONOPARENTAL	2 PUNTOS	
DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33% OU PERCEPCIÓN DE PENSIÓN	Do alumno/a: 4 PUNTOS Calquera das persoas proxenitoras, titoras, ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade: 3 PUNTOS Calquera das irmás ou irmáns: 1 PUNTO por cada un	Co máximo de 4 puntos
VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO DE CALQUERA DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR	2 PUNTOS	
VÍTIMA DE TERRORISMO DE CALQUERA DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR	2 PUNTOS	
CRITERIO COMPLEMENTARIO: Fillo/a de antigo/a alumno/a da Compañía de María ou antigo/a alumno/a da Escola Infantil Antares.	1 PUNTO	

- 1. No caso de empate na puntuación total resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo segundo o artigo 13 da [Orde do 21 de outubro de 2022](#)**
- 2. Se persiste o empate, resolverase segundo o Artigo 34 da mesma orde.**

CALENDARIO DO PROCESO

ATA O 28 DE FEBREIRO	Renuncia á solicitude de reserva de praza nun centro de adscrición
ANTES DO 1 DE MARZO	Publicación dos postos escolares vacantes
ANTES DO 1 DE MARZO	Publicación do criterio complementario
ÚLTIMA SEMANA DE FEBREIRO	Sorteo público para os efectos de desempate
DO 01 AO 20 DE MARZO	Prazo de presentación de solicitudes para Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO
21 DE MARZO	Publicación do número aleatorio asignado en cada solicitude para o caso de desempate
DO 21 de MARZO AO 3 ABRIL	Ábrese un prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes de admisión para a presentación da documentación xustificativa dos criterios a puntuar na solicitude (no caso de haber máis demanda que oferta)
O 25 DE ABRIL	Publicación listaxes provisionais Ábrese un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para formalizar reclamacións ante o titular do Centro Educativo. A estimación ou desestimación das reclamacións, entenderase realizada a través das listaxes definitivas
O 15 DE MAIO	Publicación listaxes definitivas As persoas interesadas poderán formular reclamación ante a persoa titular da xefatura territorial no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.
DO 20 AO 30 DE XUÑO	Formalización matrícula para Ed. Infantil e Ed. Primaria
DO 23 DE XUÑO AO 7 DE XULLO	Formalización matrícula para ESO

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS

MADRUGADORES

COMEDOR

TRANSPORTE ESCOLAR

LUDOTECA

HORARIO DA SECRETARÍA PARA TRÁMITES DE ADMISIÓN:

MAÑÁ → 8:30 h. a 13:30 h. (de luns a venres)

TARDE → 15:30 h. a 18:30 h. (de luns a xoves)



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

15015378 - CPR Plurilingüe Compañía de María

Rúa Enseñanza 3 15703, A Coruña, Santiago de Compostela, Santiago de

Teléfono: 981587500 - Fax: 981576841

Enderezo electrónico: cpr.compania.maria.santiago@edu.xunta.gal

OFERTA DE PRAZAS VACANTES DO CENTRO CPR PLURILINGÜE COMPAÑÍA DE MARÍA

ENSINANZA	CURSO	MODALIDADE	VACANTES	RESERVA NEAE
Educación infantil	4º Educación infantil		60	9
Educación infantil	5º Educación infantil		20	0
Educación infantil	6º Educación infantil		9	0
Educación primaria	1º Educación primaria		8	4
Educación primaria	2º Educación primaria		0	0
Educación primaria	3º Educación primaria		0	0
Educación primaria	4º Educación primaria		0	0
Educación primaria	5º Educación primaria		0	0
Educación primaria	6º Educación primaria		0	0

Estas vacantes poderán verse reducidas no caso de que algunha das prazas deba destinarse, con carácter excepcional, a atender necesidades de escolarización extraordinarias que poidan estar motivadas por algunha das causas reguladas no artigo 16.1 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro e, en todo caso, coa data límite do 25 de abril, este incluído.

En Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de 2025

A directora

Ana María Besada Gesto





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

15015378 - CPR Plurilingüe Compañía de María

Rúa Enseñanza 3 15703, A Coruña, Santiago de Compostela, Santiago de

Teléfono: 981587500 - Fax: 981576841

Enderezo electrónico: cpr.compania.maria.santiago@edu.xunta.gal

OFERTA DE PRAZAS VACANTES DO CENTRO CPR PLURILINGÜE COMPAÑÍA DE MARÍA

ENSINANZA	CURSO	MODALIDADE	VACANTES	RESERVA NEAE
Educación secundaria obligatoria	1º Ensinanza secundaria obligatoria		15	3
Educación secundaria obligatoria	2º Ensinanza secundaria obligatoria		11	0
Educación secundaria obligatoria	3º Ensinanza secundaria obligatoria		7	0
Educación secundaria obligatoria	4º Ensinanza secundaria obligatoria		4	0

Estas vacantes poderán verse reducidas no caso de que algunha das prazas deba destinarse, con carácter excepcional, a atender necesidades de escolarización extraordinarias que poidan estar motivadas por algunha das causas reguladas no artigo 16.1 do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro e, en todo caso, coa data límite do 25 de abril, este incluído.

En Santiago de Compostela, a 5 de maio de 2025

A directora

Ana María Besada Gesto

